



Obxecto:	Solicitud Informe Addenda ao EsIA e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico As Penizas
Concellos:	A Estrada, Cerdedo-Cotobade e Forcarei (Pontevedra)
Promotor:	Greenalia Wind Power, S.L.
Remitido:	Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2017/06
Expte.:	03.I.425.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA2957/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 25.10.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos: *Adenda al Estudio de Impacto Ambiental del PE As Penizas*, *Proyecto Sectorial del Parque Eólico Penizas* e *Proyecto de ejecución Parque Eólico As Penizas, abril 2021*, nos termos municipais da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Forcarei (Pontevedra). Documentación presentada polo promotor para adaptala aos condicionados dos informes sectoriais emitidos, como é o da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 17.02.2021.

De acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* e nos apartados 1 e 2 do artigo 34 da *Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia* solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 17.02.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente os documentos *EsIA* e o *Proxecto sectorial do PE As Penizas (versión setembro 2019)* e *Evaluación de impacto sobre o patrimonio cultural do PE As Penizas*. O informe é **favorable** coas seguintes consideracións:

- *Deberase cambiar a situación dos aeroxeradores AE-02 e AE-04 e o trazo dos viarios eixo 3 e eixo 4-5 para que nin estes nin as súas infraestruturas asociadas afecten aos contornos dos bens arqueolóxicos e culturais presentes na área. As novas localizacións propostas terán que ser avaliadas arqueoloxicamente.*
- *Calquera modificación, adecuación ou obra que se realice no acceso exterior do parque eólico (viario de conexión entre A Mámoa e a PO-2003) e que afecte aos contornos de protección de bens arqueolóxicos (Necrópole do Campo das Santas) terán que ser autorizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade de acordo co establecido nos artigos 39.1 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.*
- *En relación co ben Mámoa 1 do Campo das Santas (GA36018040), ademais das medidas correctoras que se establecen na memoria de avaliación, deberá realizarse un levantamento topográfico do túmulo, a limpeza e rexistro arqueolóxico do perfil existente e os traballos de acondicionamento no ámbito do ben levarán unha intervención arqueolóxica previa para constatar a presenza ou non de restos.*
- *Debido a alta potencialidade arqueolóxica da zona, terase que realizar o control e seguimento a pe de obra da apertura de novos viarios e remocións de terras nas proximidades da Necrópole de Outeiro dos Corvos, en concreto do viario eixo 3 e os aeroxeradores AE-6 e AE-7 e as súas infraestruturas asociadas.*
- *Deberanse levar a cabo as medidas correctoras propostas no documento Evaluación de impacto sobre el patrimonio cultural del Parque Eólico As Penizas (A Estrada, Cerdedo e Forcarei; Pontevedra). Memoria, coas modificacións establecidas neste informe.*
- *Así mesmo, o Plan Sectorial incorporará os resultados e as medidas correctoras incluídas no documento Evaluación de impacto sobre el patrimonio cultural del Parque Eólico As Penizas (A Estrada, Cerdedo e Forcarei; Pontevedra). Memoria, coas modificacións sinaladas.*
- *Os bens do patrimonio cultural localizados e as súas áreas de protección representaranse no Plan Sectorial nunha cartografía a escala significativa. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).*
- *É necesario a realización do control e seguimento arqueolóxico, durante as fases de replanteo, execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do parque eólico, incluíndo a totalidade da traza das gabias. No caso dos traballos que comporten movementos ou remocións de terras nos contornos de protección dos elementos arqueolóxicos, deberán de ser obxecto dun control arqueolóxico continuo, os traballos realizaranse manualmente por persoal de obra baixo control arqueolóxico, e desenvolveranse de acordo coas indicacións e o*





ritmo establecido polos técnicos arqueólogos. A tal fin, e previo ó inicio das obras deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. O proxecto incorporará as medidas correctoras recollidas no Anexo 3 do EIA, Evaluación de impacto sobre patrimonio cultural Parque eólico As Penizas.

- *Certificarase o estado final dos bens do patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.*
- *Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres de zonas de acopios de materiais.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade* (DOG núm. 242, do 01.12.2020)

Análise dos documentos

Os novos documentos preséntanse como ampliación de documentación, e derivan das consideracións feitas por diferentes organismos aos documentos *Estudio de Impacto Ambiental y Proyecto de Restauración del PE As Penizas, en Cerdedo y Forcarei (Pontevedra), septiembre de 2019*, en concreto do informe do 17.02.2021 desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Addenda ao Estudio de Impacto Ambiental

O obxecto deste documento é describir a configuración final que presentará o parque eólico As Penizas e valorar ambientalmente a planta definitiva realizando unha comparación respecto á alternativa recollida do ESIA de 2019.

- No apartado 1. *Antecedentes* sinalase que estudadas e valoradas as consideracións e alegacións feitas ao *EsIA de setembro de 2019*, o promotor decide elaborar unha **nova alternativa**. Esta nova opción, sinalada como planta definitiva, supón as seguintes modificacións con respecto ao antigo documento:
 - **Eliminación da máquina AE-02**, gabiá de cableado e viario de acceso. Asemade, este cambio implica a **modificación do modelo de aeroxerador** pasando do tipo VESTAS V136 de potencia unitaria 4,2MW e 112m de altura de buxe, ao tipo SG-145 de 5MW de potencia unitaria e 127,5 m de altura de buxe, aumentándose 20m a altura total da máquina ata alcanzar os 200m de altura. A potencia total do parque seguirá sendo de 33,6MW dado que se limitará a potencia do aeroxerador AE-01 a 3,6MW.
 - **Re-localización dos aeroxeradores** AE-01, AE-03, AE-04, AE-05 e AE-08 e as súas plataformas de montaxe, así como a modificación dos accesos aos mesmos.
 - **Re-localización da zona de acopio**, no deseño anterior atopábase na área de cautela do elemento *Cruz da Lagoa do Medio* GA 36011(3), ben inédito.
 - A nova alternativa, segue mantendo o acceso ao parque dende a estrada PO-2003, a altura do km 16, na zona denominada "*Casas das Bayucas*", collese o desvío en dirección Liñares. Desta estrada parte unha pista asfaltada que dá acceso ao cordal e a diferentes viarios de terra que serán empregados para acceder ás posicións das máquinas. En total, estímase que para levar a cabo esta nova alternativa afectarase un total de 4.846m de viarios (o que non difire moito respecto da alternativa presentada en setembro de 2019 con 4.818m), dos que 1.983m son viarios novos e 2.863m son viarios a acondicionar. O viario de acceso ao parque e os ramais interiores de acceso ás máquinas terán un ancho de plataforma





de 5m (salvo situacións ou necesidades puntuais), contando coas cunetas a anchura total dos viarios será de 9m (5+4).

- As gabias para aloxar o sistema colector do parque terán unha profundidade de 1,20m e a súa anchura variará entre os 60cms e 1m, segundo o número de tendidos que leve e a zona que atravesen. En total, a lonxitude de gabias a construír é de 3.710m, reducíndose un 7% con respecto a alternativa anterior.
- A enerxía procedente deste parque seguirá ingresando na rede eléctrica nacional a través da SET Penizas 30/132 kV, que non variou a súa localización. Dende a SET partirá unha liña eléctrica de evacuación (proxecto independente). A saída da subestación farase de maneira subterránea ata un apoio situado nas inmediacións onde se procederá ao paso aéreo. O PE As Penizas ten acceso e conexión concedida na SET Beariz 400kV da REE.
- En relación co **patrimonio cultural**, no apartado 4 *Avaliación dos efectos da planta definitiva*, puntos 4.1.12 *Patrimonio cultural* e 4.2.11 *Impacto sobre o patrimonio cultural* indícase que os cambios introducidos seguen as recomendacións reflectidas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 17.02.2021 e que foi realizado un novo estudo de impacto sobre o patrimonio cultural coa planta definitiva, que se aporta como Anexo nº 6. Asemade, indícase que tras a eliminación do aeroxerador 02 redúcese en certa medida o impacto visual sobre igrexa de Santa María de Tomonde.
- O **Anexo 06** incorpora o 1º Anexo á Memoria da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, asinado o 09.03.2021 polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, da empresa *Equite Arqueología y Gestión del Patrimonio*. O apartado *Resultados*, deste documento, identifica os bens patrimoniais que se atopan dentro da poligonal, e avalía o impacto da nova alternativa sobre eles. En total, identifícanse 24 bens culturais, dos cales 23 son arqueolóxicos (18 xa catalogados e 5 son novas achegas derivadas da prospección presentada na Memoria do 2020: 3 túmulos e 2 gravados rupestres):

- | | |
|--|--|
| • Mámoa de Castrelo GA 36018012 , | • Mámoa 2 do Outeiro do Corvos GA 36011007 , |
| • Mámoa 1 do Campo das Antas GA 36018040 , | • Mámoa 3 do Outeiro do Corvos GA 36011008 , |
| • Mámoa 2 do Campo das Antas GA 36018080 , | • Mámoa 4 do Outeiro do Corvos GA 36011009 , |
| • Mámoa 3 do Campo das Antas GA 36018081 , | • Mámoa 5 do Outeiro do Corvos GA 36011010 , |
| • Mámoa 4 do Campo das Antas GA 36018082 , | • Mámoa 6 do Outeiro do Corvos GA 36011011 , |
| • Mámoa 5 do Campo das Antas GA 36018083 , | • Mámoa 7 do Outeiro do Corvos GA 36011012 , |
| • Mámoa 6 do Campo das Antas GA 36018084 , | • Mámoa 8 do Outeiro do Corvos GA 36011013 , |
| • Mámoa 7 do Campo das Antas GA 36018085 , | • Mámoa 9 do Outeiro do Corvos GA 36011(2) inédito , |
| • Mámoa de Tras da Cruz GA 36018(1) inédito , | • Mámoa 10 do Outeiro do Corvos GA 36011(1) inédito , |
| • Petróglifo do Campo das Antas GA 36018(2) inédito , | • Mámoa da Lagoa do medio GA 36011060 e |
| • Mesa dos Mouros RE 36018(1) inédito , | • Cruz da Lagoa do medio 1 GA 36011 (3) inédito . |
| • Mámoa 1 do Outeiro do Corvos GA 36011006 , | |

A continuación, en fichas individualizadas, preséntase descritiva pormenorizada dos 12 bens arqueolóxicos que poden sufrir impacto por estar a menos de 200m das infraestruturas. As fichas avalían o impacto que pode sufrir o elemento patrimonial, a cualificación do mesmo e as medidas protectoras e/ou correctoras xerais e específicas a aplicar.

- Respecto aos bens de carácter arquitectónico e etnográfico, as modificacións introducidas no proxecto non varían a valoración do impacto sobre o único elemento identificado: E-1 Cruceiro da Mámoa. Este anexo inclúe tamén unha actualización da análise visual desde a igrexa de Santa María de Tomonde cunha serie de infografías onde se compara o deseño inicial do ESIA de 2019 e o deseño definitivo, nas que se pode apreciar que coas modificacións introducidas a afección desde a igrexa se reduce ao eliminarse o aeroxerador máis visible e quedar os outros parcialmente ocultos polas masas arbóreas existentes e o propio edificio e construcións anexas, sen que a diferenza de altura (20 m) sexa relevante na percepción visual.

Como medidas correctoras de carácter común propónse:

- A sinalización dos bens arqueolóxicos e os seus contornos de protección na cartografía de obra.
- O balizamento dos bens durante a fase de replanteo.
- E o control arqueolóxico presencial nas áreas de cautela durante a fase de roza e reformulación.

Como medidas específicas sinálanse as seguintes:





Elemento	Axente do impacto setembro 2020	Axente do impacto abril 2021	Impacto, abril 2021	Medidas correctoras específicas, abril 2021
Mámoa de Castrelo/Viario de acceso, Idem Mámoa do Alto da Chaira asfaltado, a 45m ao dos Augadoiros, GAW 36018012			Severo	Ancheamento do viario polo lado contrario ao ben
Mámoa 1 do Campo das Viario de acceso, Idem Antas, GA 36018040 asfaltado, a 1m ao S			Severo	Ancheamento do viario polo lado contrario ao ben+ Levantamento topográfico+ limpeza e rexistro do perfil+ sondaxes arqueolóxicas previas na zona de acondicionamento
Mámoa 2 do Campo das Viario de acceso, Viario de acceso, Antas, GA 36018080 asfaltado, a 100m ao asfaltado, a 40m ao SE SE			Moderado	Ancheamento do viario polo lado contrario ao ben
Mámoa 3 do Campo das Viario de acceso, Viario de acceso a Antas, GA 36018081 asfaltado, a 120m ao 56m ao SE			Moderado	Ancheamento do viario polo lado contrario ao ben
Mámoa 4 do Campo das Viario de acceso, Antas, GA 36018082 asfaltado, a 168m ao SL		Viario de acceso, asfaltado, a 98m ao SL	Moderado	Ancheamento do viario polo lado contrario ao ben
Mámoa 5 do Campo das Sen impacto Antas, GA 36018083		Viario de acceso, asfaltado, a 168m ao SE	Moderado	Ancheamento do viario polo lado contrario ao ben
Mámoa de Tras da Cruz GA 36018 (1) inédito	Viario de acceso, asfaltado, a 22m ao W	Idem	Severo	Ancheamento do viario polo lado contrario ao ben
Petróglifo do Campo das Viario de acceso, Viario de acceso, Antas, GA 36018 (2) inédito asfaltado, a 33m ao asfaltado, a 21m ao W W			Severo	Ancheamento do viario polo lado contrario ao ben
Mámoa da Lagoa do Viario novo, Eixe 3, a Eixe 3 por pista medio, GA 36011060 14m ao E+forestal +gabia polo plataforma AE-04 alado contrario ao 35m ao SE ben, a 32m ao W			Severo	
Mámoa 2 de Outeiro dos Eixe 3 a 201m ao NE Eixe 3, por unha Corvos, GA 36011007		rodeira, a 192m ao W	Moderado	
Cruz da Lagoa do Medio, Eixe 3 por pista Eixe 3 por pista GA 36011 (3) inédito forestal a 2m ao E+forestal a 2m ao E+ plataforma AE-02 a SET a 67m ao SE 45m ao NE+ plataforma AE-03 a 175m ao SE+ SET a 70m SL			Severo	Ancheamento do viario polo lado contrario a referencia+ sondaxes arqueolóxicas previas na zona de instalación da SET ou facer unha nova avaliación do ben e replantear o resto das medidas correctoras da zona
Mesa dos Mouros, GA 36018 (1) inédito	Viario de acceso, asfaltado, a 8m ao S	Viario de acceso, asfaltado, a 2m ao SL	Severo	Ancheamento do viario polo lado contrario a referencia

• O subapartado 4.2 *Otros elementos* do Anexo nº 5 *Estudio de impacto turístico* sinala con respecto aos elementos do patrimonio cultural que se analizaron 48, 36 deles BICs. Entre estes elementos, os máis próximos ao PE son o petróglifo **A Laxa/Veiga do Chan** GA 36011044, a **Torre Vella** de Barciela (tamén se considera como xacemento arqueolóxico da Idade do Ferro: **Castro da Mota** GA 36018011) e o **Camión Vreeiro** (usado actualmente como unha ruta a Santiago). Dende todos eles serán potencialmente visibles as 7 máquinas, polo que sufrirán unha afección visual moi alta, e poderase percibir certa afección acústica.

Proxecto Sectorial

- O proxecto sectorial agora presentado recolle as modificacións introducidas no proxecto de execución do parque eólico. Inclúe no seu anexo 5 a Adenda ao Estudio de impacto ambiental.





- No apartado 3.4 *Protecciones urbanísticas* sinálase que tendo en conta o planeamento dos concellos afectados (Forcarei e Cerdedo-Cotobade) o solo sobre o que se vai implantar a nova infraestrutura ten a cualificación de solo rústico de protección de interese paisaxístico e de protección forestal (Cerdedo-Cotobade) e solo rústico de protección ecolóxica, equipamentos parques eólicos e solo urbanizable non sectorizado (Forcarei).
- No apartado 3.5 *Protecciones culturales* sinálase a necesidade de contar cunha prospección arqueolóxica e remítese ao documento de EsIA.
- No subapartado 1.5.3 *Conclusión* dentro do apartado 1.5 *Idoneidad de la localización elegida* sinálase que o deseño do parque evita a afección sobre o patrimonio cultural inventariado, respectando a distancia mínima arredor dos xacementos arqueolóxicos existentes.
- No apartado 9.10 *Informe de la Comunidad de Montes Vecinales en Mano Común de Liñares e Mámoa* sinálase que o 17.06.2020 esta entidade presenta alegacións con respecto ao EsIA de setembro 2019 recollendo elementos do patrimonio cultural non catalogados e facendo fincapé nos elementos declarados BIC localizados na parroquia de Castrelo. No mesmo apartado sinálase que na avaliación do patrimonio cultural presentada no mes de abril do ano 2020 se avalían tódolos elementos a que fai referencia este informe e que a nova alternativa é deseñada tendo en conta os elementos do patrimonio e buscando o menor impacto posible.
- No apartado 10. *Conclusiones* sinálase que os viarios existentes serán ensanchados cara o lado contrario dos seguintes elementos arqueolóxicos: GA36018012, GA36018040, RE36018 (1), GA36018080, GA36018081, GA36018082, GA36018 (1), GA36018 (2), GA36011060 y GA36011 (3).

Unha vez analizado os documentos, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- As modificacións introducidas no proxecto de execución do parque eólico As Penizas, e reflectidas na Addenda ao Estudo de impacto ambiental e no proxecto sectorial perseguen, entre outros aspectos, minimizar as afeccións sobre os bens do patrimonio cultural, en especial os de carácter arqueolóxico, e veñen a dar resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 17.02.2021.
- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o Plan Básico Autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que existen bens patrimoniais no ámbito do proxecto PE As Penizas que poderían virse afectados se non se toman medidas protectoras e correctoras axeitadas.
- A planimetría do Documento nº 3 *Planos* da Addenda do EsIA de abril de 2021 (planos 1.2.1, 1.2.2, 2.1.1 ou 6.2) non recolle os cambios no deseño do viario que da acceso ao cordal (dende a pista que vai dende a PO-2003 a Liñares), namentres que o Anexo nº 6 *Anexo 1 Memoria de Evaluación de impacto sobre patrimonio cultural Parque Eólico As Penizas*, presenta un **cambio substancial** no punto de acceso ao cordal que orixina **impactos máis graves** que a anterior alternativa sobre os seguintes bens:
 - *Mámoa 2 do Campo das Antas* **GA 36018080**, o axente de impacto máis próximo pasa de estar a 100m a 40m co novo deseño. A pesar disto, mantense a mesma cualificación de impacto MODERADO.
 - *Mámoa 3 do Campo das Antas* **GA 36018081**, o axente de impacto máis próximo pasa de estar a 120m a 56m co novo deseño. A pesar disto, mantense a mesma cualificación de impacto MODERADO.
 - *Mámoa 4 do Campo das Antas* **GA 36018082**, o axente de impacto máis próximo pasa de estar a 168m a 98m co novo deseño. A pesar disto, mantense a mesma cualificación de impacto MODERADO.
 - *Mámoa 5 do Campo das Antas* **GA 36018083**, o axente de impacto máis próximo pasa de estar a 235m a 168m co novo deseño, pasando de ser un ben sen impacto a sufrir un impacto MODERADO.
 - *Petróglifo do Campo das Antas* **GA 36018 (2) inédito**, o axente de impacto máis próximo pasa de estar a 33m a 21m co novo deseño, e segue mantendo a mesma cualificación de impacto SEVERO.
- Segundo a descritiva dos accesos que figura na documentación, para chegar ao parque seguirase empregando a pista asfaltada que vai dende a PO-2003 ás poboacións da Mámoa e Liñares. O novo deseño do parque recollido nas planimetrías da *Addenda ao EsIA* e no novo *Proxecto Sectorial* reflicte obras de acondicionamento **só** no desvío que da acceso ao cordal, pero non no resto da traza. Tendo en





conta que se requiren viarios de 5+4m de ancho parece claro que esta pista sufrirá obras de mellora **non especificadas** na documentación remitida. Polo que se debe recordar o xa sinalado no Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 17.02.2021 *"Calquera modificación, adecuación ou obra que se realice no acceso exterior do parque eólico (viario de conexión entre A Mámoa e a PO-2003) e que afecte aos contornos de protección de bens arqueolóxicos (Necrópole do Campo das Santas) terán que ser autorizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade de acordo co establecido nos artigos 39.1 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia"*.

- A pesar de que se cambiou a traza do Eixe 3, como se pedía no Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a modificación é parcial e segue afectando aos contornos de protección dos bens arqueolóxicos e culturais presentes na zona. Así a *Mámoa da Lagoa do Medio* (GA 36011060) segue estando a só 35m do devandito viario e a *Cruz da Lagoa do Medio* (GA 36011 (3) inédito) a 2m. Asemade, débese recordar que este último ben ve afectada a súa área de cautela por **obra nova** para a implantación da SET Penizas a 67m ao SE e a construción da plataforma do aeroxerador AE-03 a 174m.
- O deseño do PE presentado con fecha de setembro de 2019 presentaba, entre outros elementos, a implantación dunha torre anemométrica de 98m de altura entre os aeroxeradores AE-05 e AE-06. A documentación actual, tanto en texto como en planimetría, non fai referencia a devandita instalación.
- Revisada a información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e as distintas ortofotografías, visores cartográficos, mapas de sombreado e planos de pendentes détectanse unha serie de anomalías topográficas de posible interese arqueolóxico que deberán ser comprobadas en campo, debido a súa proximidade coas instalacións eólicas proxectadas, e que sitúanse nas seguintes coordenadas:
 - Posible Mámoa 1: X: 550729 e Y: 4713333 (ETRS89/UTM F-29), ao Sur do aeroxerador AE-05.
 - Posible Mámoa 2: X: 550664 e Y: 4713740 (ETRS89/UTM F-29), ao SL do aeroxerador AE-04.
 - Posible Mámoa 3: X: 550558 e Y: 4715537 (ETRS89/UTM F-29), a beira da pista de acceso dende a PO-2003.
- Asemade na memoria de prospección arqueolóxica, realizada na mesma zona pola arqueóloga M^a Paz Blanco Sanmartín no ano 2011, sinálase a existencia dun posible túmulo próximo a necrópole de *Outeiro dos Corvos* que non puido ser verificado pola densa vexetación. Esta posible mámoa, localízase a 98m ao SW da plataforma do aeroxerador AE-06 nas coordenadas X: 550700 e Y: 4712938 (ETRS89/UTM F-29).
- Dentro da poligonal, a 180m do viario de acceso ao parque eólico localízase o **TO 36018004** Mámoa, que non figura recollido nin verificado na Memoria arqueolóxica.
- Nos documentos analizados faise referencia a que no lugar de implantación do PE hai tres pequenas lagoas estacionais que se denominan *"eiras dos mouros"* e que se atopan asociadas a lendas dos mouros. Segundo se deduce do apartado 9.10 *Informe de la Comunidad de Montes Vecinales en Mano Común de Liñares e Mámoa* do Proxecto Sectorial estes elementos son incluídos dentro das alegacións presentadas, pola devandita entidade, como elementos do patrimonio cultural non catalogado. No mesmo apartado sinálase que estes elementos xa foron analizados polo miúdo na *Memoria de avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural* presentada en abril de 2020 (apartado *Outros posibles elementos*) no que sinálase que estes elementos e o seu folclore foron recollidos polo colectivo Capitán Gosende como estacións mitolóxicas, baseándose nas publicacións de Xosé Filgueira Valverde e Alfredo García Alén. A este respecto o arqueólogo redactor indica que esta información debe ser tomada con reservas pois máis ben parece que se corresponde co topónimo *Eira dos Mouros* TOP36017023, situado a uns 2Km ao Norte na parroquia de San Xoán de Liripio, xa no concello da Estrada.

Analizadas as referencias bibliográficas¹ compre facer a seguinte puntualización: a referencia atópase no artigo da revista nº 31 do Museo de Pontevedra *Inventario de Monumentos Megalíticos* de X. Filgueira Valverde e A. García Alén. Nel faise unha relación de túmulos e lendas por concellos e parroquias. As que nos atinxen agora atópanse no Concello de Forcarei, parroquia de Sta. Mariña de Castrelo, e aparece coa denominación de *Eira dos Mouros*, tras describir a necrópole do *Campo das Antas/ das Santas/ das Modorras ou das Mámoas* dise *"quinientos metros más adelante* (refírese a última mámoa

1 Filgueira Valverde, X e García Alén, A. (1954-1956) *Materiales para la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra*. EMP, VIII. Pontevedra.

Filgueira Valverde, X e García Alén, A. (1977) *Inventario de monumentos megalíticos*. EMP XXXI. Pontevedra.





descrita do Campo das Antas, posiblemente a *Mámoa do Alto da Chaira dos Augadoiros* GA 36018012) *están dos planicies denominadas Eira dos Mouros. La primera está delimitada por ligeras afloraciones rocosas en círculo, de un diámetro de 31 m aproximadamente; su centro está completamente cubierto de hierba. La segunda es de forma no tan perfecta y menores dimensiones; en sus proximidades hay una mámoa* (posiblemente a *Mámoa da Lagoa do medio* GA 36011060)"; a continuación engádesse o folclore que teñen estas eiras. Sen dúbida Filgueira Valverde e García Alén están falando das mesmas "*eiras dos mouros*" que sinala o colectivo Capitán Gosende e a Comunidade de Montes de Liñares (e non as do concello de A Estrada), a única dúbida é aclarar se os devanditos autores describen a Lagoa dos Mouros II ou a III.

Tendo en conta o anterior os servizos técnicos de Arqueoloxía, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, levaron a cabo unha visita a zona de implantación do parque, e realizaron unha pequena pescuda oral na parroquia de Sta. María de Tomonde sobre estes elementos. No lugar de Tomonde recórdase que a eses lugares, sen herba, chamábaselles "*eiras dos mouros*" porque "*naquel monte viviron os mouros e nas eiras mallaban o centeo que cultivaban e dende entón non volveu a medrar a herba*", (en referencia aos citados no parágrafo anterior: un a escasos metros da pista asfaltada nas coordenadas X:550472 e Y:4714593 e outro a escasos metros ao S da *Mámoa da Lagoa do Medio* GA 36011060).

- Revisada algunha bibliografía da zona, tamén atopamos referencias a un singular elemento/s do patrimonio non reflectido na documentación do EslA e rodeado de certa polémica interpretativa, é o denominado *Santo da Porteliña*. O *Santo ou Santos da Porteliña* son construcións en pedra seca de altura variable, que segundo a tradición *servían para desviar o raio da aldea e mudar as témporas*. Este elemento recollido polos estudosos da zona (Antonio Rodríguez Fraiz², Calros Solla,...) varía a altura da súa estrutura en función de si se desexaba un tempo máis seco ou máis húmido en beneficio das colleitas³ e polo que parece acostumada a ser replicado polos rapaces da zona facendo "santiños" no mesmo monte.

En conclusión, parece que este monte amesetado, que serve de divisoria entre os concellos de Forcarei e Cerdedo-Cotobade, conserva unha notable riqueza patrimonial. A necrópole megalítica Campo de Antas/ Outeiro do Corvos constitúe, a día de hoxe, o maior xacemento arqueolóxico desta época en Terra de Montes, con 19 mámoas e un petróglifo catalogados. Compre indicar que, ademais dos bens recollidos nos catálogos oficiais, existen outros que aínda que non están inventariados pero que son susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio. Sirvan como exemplo as *Eiras dos mouros* e a *Mesa dos mouros*, o *Santo da Porteliña* ou outros bens do entorno inmediato como o *Camiño Vreeiro* (non catalogado, pero referendado polo cabildo compostelán dende o 2019 tamén como ruta xacobeá), fosilizado actualmente pola pista asfaltada que se pretende usar de acceso ao parque, pero que aínda conserva tramos intactos nos pobos darredor como por exemplo o tramo detectado polo arqueólogo David Pérez López⁴ entre Barciela e O Vieiro.

- Partindo de que os elementos do patrimonio cultural, e en especial os do patrimonio arqueolóxico da zona, son realidades tridimensionais, que non están nun espazo neutral, senón que están enraizadas e definen a paisaxe desta zona de Terra de Montes, conservándose aínda hoxe relacións culturais significativas. Considérase que o *Estudio de Impacto e Integración Paisajística* resulta incompleto pois a información presentada non aporta datos suficientes para valorar como a nova infraestrutura se inserta na maior necrópole megalítica de Terra de Montes e se a súa implantación no territorio pode limitar ou desfigurar a contemplación do conxunto patrimonial máis inmediato e a perspectiva do propio xacemento/s arqueolóxico/s.

2 Rodríguez Fraiz, A. (2001) Sta. María de Tomonde. Cerdedo-Terra de Montes.

3 Neste senso, parece que esta tradición ancestral foi "cristianizada" e recollida polo San Cronelio da Vilalén. Un pequeno santo, localizado ao pé dunha presa de agua que recorre o pobo dende o monte. Segundo as crenzas populares, o santo tiña o poder de invoca choiva; para iso era necesario sacarlle a cabeza e mollarla na presa que pasa a súa beira.

4 Pérez López, D. (2020) *Memoria Técnica Prospección arqueológica Estudio para evaluación de impacto cultural del Parque eólico Tramontana y su infraestructura de evacuación (Forcarei, Silleda, Cerdedo y Beariz en Pontevedra y Ourense)*. Memoria inédita depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.





- Segundo a Lei 3/2007, de 9 de abril, *de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, ha de xestionarse a biomasa de certas especies de arbustos e árbores nun diámetro de 200m arredor de cada aeroxerador instalado. Neste senso debemos recordar que os aeroxeradores AE-01, AE-3, AE-04, AE-05 e AE-06 proxéctanse nas áreas de cautela de bens arqueolóxicos, polo quedarán parcialmente dentro de solo rústico de protección de infraestruturas dos devanditos aeroxeradores.
- Cotexados os datos e a planimetría dos dous documentos (EslA e PS) compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto e que a nova alternativa aminora algúns impactos, pero xera outros novos.

INFORME

A vista do anterior, e de cara a unha correcta conservación e protección do patrimonio cultural, ao obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, é necesaria a presentación de nova documentación tendo en conta as seguintes consideracións:

- O deseño do parque reflectirá na súa planimetría as obras de acondicionamento, que sexan necesarias para que pasen os transportes especiais pola pista de acceso ao parque dende a estrada PO-2003. A documentación reflectirá o impacto que as mesmas causen sobre os elementos do patrimonio cultural localizados no entorno inmediato (*Necrópole do Campo das Santas*).
- Revisarase en campo o posible interese arqueolóxico das anomalías topográficas detectadas nas seguintes coordenadas:
 - Posible Mámoa 1: X: 550729 e Y: 4713333 (ETRS89/UTM F-29), ao Sur do aeroxerador AE-05.
 - Posible Mámoa 2: X: 550664 e Y: 4713740 (ETRS89/UTM F-29), ao SL do aeroxerador AE-04.
 - Posible Mámoa 3: X: 550558 e Y: 4715537 (ETRS89/UTM F-29), a beira da pista de acceso dende a PO-2003.
 - Posible Mámoa 4: X: 550700 e Y: 4712938 (ETRS89/UTM F-29), ao SW da plataforma do aeroxerador AE-06.

De ser necesario rozarase a vexetación da zona, sempre baixo supervisión arqueolóxica. No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, achegarase ficha individualizada con descritiva pormenorizada destes novos elementos para a súa incorporación no Inventario de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Incorporarase ao EslA os elementos denominados *Eiras dos Mouros*, e avaliarase de novo o impacto que o parque causa sobre estes elementos do patrimonio etnográfico/inmaterial. Asemade, farase unha enquisa etnográfica na zona para recuperar as lendas que poidan persistir sobre estes elementos do patrimonio; esta información incorporarase a ficha individualizada con descritiva pormenorizada, que se remitirá á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural coa fin de actualizar o Inventario de Xacementos Arqueolóxicos e así dar cumprimento ao artigo 10.3. do *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997).
- É necesario localizar, valorar e, se é o caso avaliar, o ben denominado o *Santo da Porteliña*.
- A nova información patrimonial será remitida aos concellos de Cerdedo-Cotobade e Forcarei, que deberán incluír os novos elementos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- A infraestrutura eólica de nova creación non poderá afectar a bens do patrimonio cultural, nin os seus ámbitos de protección legal, polo que será necesario desprazar fora do ámbito de cautela do **GA 36011(3) inédito** a SET Penizas e a plataforma do aeroxerador AE-03.
- Incorporarase ao inventario patrimonial do parque e a planimetría de obra o **TO 36018004 Mámoa**, localizado dentro da poligonal, a 180m do viario de acceso ao parque.
- O Estudio de Impacto e Integración Paisaxística, en relación ao Patrimonio Cultural, deberá incorporar datos suficientes para valorar como a nova infraestrutura se inserta na paisaxe cultural inmediata, e se a súa implantación pode deturpar a súa comprensión.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os





bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeróxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

- A partir dos resultados das actuacións arqueolóxicas e do traballo de campo a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

